



## **Rubén Martínez Bugallo proclámase Campión Galego de Caza Menor con Can**

O pasado 1 de decembro de 2007 tiña lugar no Tecor da Sociedade de Cazadores de O Irixo, en O Irixo (Ourense) a vixésimo primeira edición do Campionato Galego de Caza Menor con Can, organizada pola FGC en colaboración coa Sociedade de Cazadores de O Irixo.

Participaban un total de 22 cazadores: o campión do ano anterior mais 21 clasificados dos respectivos Campionatos Provinciais da modalidade: 6 por A Coruña, 5 por Lugo, 4 por Ourense e 6 por Pontevedra. Finalizada a proba, proclamábase Campión Galego Rubén Martínez Bugallo, da provincia de Ourense, ao cazar unha perdiz.

Segundo era Alberto Rodríguez González, tamén da provincia de Ourense, quen tamén cazaba unha perdiz. O terceiro clasificado foi Artemio Formoso Barro, da provincia de A Coruña, cunha arcea capturada. O resto da clasificación decidíase por sorteo.



### **CLASIFICACION FINAL**

Pos.	Cazador	Pezas Cazadas	Prov
1º	Rubén Martínez Bugallo	1 perdiz	OU
2º	Alberto Rodríguez González	1 perdiz	OU
3º	Artemio Formoso Barro	1 arcea	CO
4º	Victor M. Moreira Graiña	o (por sorteo)	CO
5º	Antonio Cibeira Ferreiro	o (por sorteo)	OU

Os catro primeiros clasificados formarán a Selección Galega que participará na Semifinal do Campionato de España de Caza Menor.

**Gabinete de Comunicación**  
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)